



CONCELLO
D E
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

INICIO CONTRATACIÓN

ASUNTO: Reparación de camiño de Vilar a Cancela-Igrexa, Folgoso (AB-1234)

PLAN: POS + 2019

PROCEDEMENTO: Contratación por procedemento aberto simplificado con pluralidade de criterios de adxudicación.

Código da obra: 2019.2200.0302.0

Numero expediente: 2020/C003/000011

Número de decreto: 2020/G003/000176

ANTECEDENTES:

1º) A través de comunicación de Deputación provincial , foi comunicado ao concello de Abegondo, titular do CIF P-1500100A, que foi estimada a súa solicitude de axuda formulada para **Reparación de camiño de Vilar a Cancela-Igrexa, Folgoso (AB-1234)** incluída no POS + 2019

2º) Polo que, este concello ten a necesidade de realizar as obras consistentes en (**Reparación de camiño de Vilar a Cancela-Igrexa, Folgoso (AB-1234)** , incluídas dentro de programa POS + 2019) , e de conformidade co artigo 13 da *Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector público, polo que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014* , considéranse traballos de obras aqueles que teñen por obxecto a realización dunha obra ou execución dalgún dos traballos enumerados no anexo I ou a realización por calquera medio dunha obra que responda ás necesidades especificadas pola entidade do sector público contratante.

3º.- Vista a proposta de contratación do servizo de obras e urbanismo

4º.- Vista a memoria xustificativa do contrato.

5º.- Visto o informe de insuficiencia de medios

6º.- Visto o informe de non división en lotes

7º.- Vista as características do contrato



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<http://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

Tipo de contrato: contrato de obras	
Obxecto do contrato: Reparación de camiño de Vilar a Cancela – Igrexa, Folgoso (AB-1234)	
Procedemento de contratación: aberto simplificado	Tramitación: Ordinario
Código CPV: 45233142-6	traballos de reparación de estradas
Valor estimado do contrato: 37.734,93.-	
Orzamento base de licitación IVE excluído: 37.734,93.-	IVE 21%: 7.924,33 .-
Orzamento base de licitación IVE incluído: 45.659,26 .-	
Duración da execución: 30 días naturais	

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- A Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas
- A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- A Lei de 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspara ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- O Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (artigos vixentes tras a entrada en vigor do Real decreto 817/2009, do 8 de maio).
- O Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

CONSIDERACIÓNS :

Para a prestación dos citados servizos faise preciso a adxudicación dun contrato de **Reparación de camiño de Vilar a Cancela-Igrexa, Folgoso (AB-1234)** , pois en virtude ao disposto no artigo 13 da *Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector público, polo que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014* os entes, organismos e entidades do sector público non poderán subscribir outros contratos que aqueles que sexan necesarios para o cumprimento e realización dos seus fins institucionais.

Os fins institucionais son os reflectidos nos artigos 25 e seguintes da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Tendo en conta as características e o importe do contrato propónse a adxudicación por **procedemento aberto simplificado** (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) en consonancia co artigo 159 da Lei 9/2017 da LCSP



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
D E
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

Examinada a documentación que se acompaña e de conformidade co que preceptúan os artigos 21.1) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.n) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, así como o Decreto de delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local e a disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspasa ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, **RESOLVO**:

PRIMEIRO.- Iniciar o expediente para a contratación da **Reparación de camiño de Vilar a Cancela-Igrexa, Folgoso (AB-1234)**, descrita nos antecedentes por **procedemento aberto simplificado**

SEGUNDO.- Xustificar a celebración do contrato pola insuficiencia de medios, quedando acreditado que a contratación da **Reparación de camiño de Vilar a Cancela-Igrexa, Folgoso (AB-1234)** mediante un contrato de obras é a formas máis idónea e eficiente de levar a cabo os fins do concello.

TERCEIRO.- Que os servizos técnicos e xurídicos municipais elaboren o Prego de Cláusulas administrativas Particulares que rexerán a contratación.

CUARTO.- Solicitar informe respecto dos aspectos económicos e xurídicos do expediente ao Interventor e o Secretario.

QUINTO.- Incorpórese ao expediente o certificado ou informe de existencia de crédito

SEXTO.- Unha vez que estea elaborado o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e informado pola Intervención e Secretaría da Corporación, dese conta á Alcaldía para a aprobación do expediente.

O que resolve e asina, ante min, o secretario da Corporación.
Abegondo, na data que figura na marxe

O alcalde
José Antonio Santiso Miramontes

O Secretario
Adrián J. Márquez Caramés



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<http://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.